

HISTORIA E EDIFICIO

O Museo do Viño de Galicia forma un conxunto monumental de singular relevancia no Ribeiro con trazas clasicistas ao servizo dunha das súas funcións orixinais: a elaboración de caldos que transitaban cara a Compostela, pero adaptada, logo da súa rehabilitación, ás necesidades actuais deste tipo de infraestruturas culturais. Foi reconstruído no século XVIII como casa de priorado para explotación vitícola dependente do mosteiro de San Martiño Pinarío de Santiago de Compostela e convertido, tras a desamortización de Mendizábal, na casa reitoral de Santo André de Camporredondo, lugar da parroquia na que se atopa.

A descrición que se fai no Catastro de Ensenada (1749) mostra que Santo André era unha excelente adega que contaba con medios técnicos para funcionar como tal, cunha arquitectura fóra do común para afrontar unha gran produción vitícola: un piso con cinco lagares con entrada para carros coa uva, outro para a adega e unha planta residencial con lareira e outras dependencias. Así se recolle no catastro, que informa, ademais, da existencia doutros lagares ligados a Santo André.

CREACIÓN E MISIÓN

O edificio conxuga as calidades da arquitectura culta do XVIII, coas necesidades do mundo rural, nun sobranceiro conxunto que, coa veciña igrexa e o casal, domina o extenso val e a converte nun potente referente da paisaxe salpicada de viñedos.

O edificio foi rehabilitado pola Xunta de Galicia para convertelo en Museo do Viño de Galicia. Foi creado oficialmente no ano 2019 mediante un decreto coa finalidade de recuperar, documentar, conservar e difundir o patrimonio cultural vitivinícola de Galicia para o coñecemento, aprendizaxe e goce da cidadanía en xeral e o aproveitamento e consulta das persoas investigadoras e estudosas do universo vitivinícola, en particular.

MUSEO DO VIÑO DE GALICIA
Santo André de Camporredondo, s/n - 32415 Ribadavia (Ourense)
Tel. +34 988 783 075
www.museovinogalicia.xunta.gal

*As **Catas Sonoras** no Museo do Viño de Galicia, que acadan este ano a súa terceira edición, permiten gozar de catas musicais, dende o jazz ata autores clásicos e dende a bossa nova ata o blues ou dende os boleros ao swig, en directo e, polo xeral, na terraza do Museo.*

*Música para todos os gustos e para calquera idade, nun entorno de viñado e arquitectura do viño, ao solpor e finalizando sempre cunha copa de viño para rematar a sesión charlando distendidamente con quen nos acompaña ou con quen coincidimos nestas **Catas Sonoras** no Museo do Viño de Galicia.*



III Cata Sonora

MUSEO DO VIÑO
DE GALICIA.
RIBADAVIA
OURENSE

-- CICLO CONCERTOS 2023 --

XOVES 6
XULLO

ANDHREA
& THE BLACK CATS

XOVES 27
XULLO

PAULA MARTINS
& VÍCTOR ANEIROS

XOVES 10
AGOSTO

IMMACULATE FOOLS DÚO
KEVIN WEATHERILL & PACO CHARLIN

XOVES 24
AGOSTO

NASTASIA ZÜCHER

XOVES 14
SEPTIEMBRE

ALENDALÚA



TERRAZA EXTERIOR | 21:00 H. |



Gañadores do VI concurso da *Societat de Blues de Barcelona*, esta banda de Compostela leva percorrendo Galicia e parte da península desde 2012. Do *Festival de Blues de Benicassim* (2016) ao *Swee Cotton Festival* (2018), gozaron dos seus directos cargados de proximidade e unha atmosfera colmada de complicidade, harmonía e ritmo.

ANDHREA - AND THE - BLACK CATS

XOVES 6 XULLO



Immaculate Fools foi un grupo británico musical de pop-rock con tintes folk formado en 1984. Saltou á fama en 1985 co sinxelo homónimo «*Immaculate Fools*» e mantívose en activo ata 1997, despois de publicar seis álbums de estudo.

Kevin Weatherill, cantante e compositor do grupo, segue gravando e tocando en directo, tanto no Reino Unido como en Europa.

IMMACULATE FOOLS KEVIN WEATHERILL & PACO CHARLIN

XOVES 10 AGOSTO

Froito das inquedanzas pola música antiga de **Irma Fernández Alonso** (tecla) e **Juan Manuel Vázquez** (corda pulsada), nace Alendalúa coa inicial premisa de unir esforzos e coñecementos na busca e interpretación de dito repertorio, abordándoo dun xeito fresco e tentando achegalo a calquera tipo de público, cun certo afán didáctico.



ALENDALÚA

XOVES 14 SETEMBRO

PAULA MARTINS & VÍCTOR ANEIROS

O guitarrista **Víctor Aneiros**, cunha longa traxectoria e oito discos editados, xúntase agora coa que fora cantante da Big Bottom Band, **Paula Martins**, para crear *Martins Aneiros Band*. Esta emerxente formación ofrece un repertorio que conxuga temas propios do guitarrista, que agora podemos escoitar con aire renovado na voz de **Martins**, e clásicos do blues.



XOVES 27 XULLO

NASTASIA ZÜCHER

Nastasia Zürcher presenta neste elegante espectáculo musical unha fusión e reinterpretación en ton íntimo do seu repertorio baseado nos discos que asina así como nos temas adelantados do seu novo álbum. **Nastasia** ven acompañada, ao piano, polo músico, produtor e arranxista **Adrián Saavedra**. O dúo agasallan cunha música variada en estilos, pasando do neo soul, o pop-folk de autor ata as músicas do mundo.



XOVES 24 AGOSTO



MUSEO
DO VIÑO
DE GALICIA



III Cata
Sonora

HORA CONCERTOS: 21:00
ENTRADA LIBRE ATA CUBRIR CAPACIDADE

arteficción